



#### A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO** (**BNG**), Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento del Congreso, formula las siguientes **preguntas dirigidas** al Gobierno para su contestación por escrito relativas a la prohibición de acceder a eventos deportivos con banderas, brazaletes y emblemas gallegos o en lengua gallega.

La Ley 39/2022, de 30 de diciembre, del Deporte ha facilitado, desde su entrada en vigor en 2024, una interpretación restrictiva, partidista, centralista, españolista y abusiva respecto a la posibilidad de entrar en los espectáculos deportivos con banderas, pancartas u otra simbología, aun siendo ésta plenamente democrática.

Así, aunque la Ley del Deporte únicamente prohíbe "introducir, exhibir o elaborar pancartas, banderas, símbolos u otras señales con mensajes que inciten a la violencia o en cuya virtud una persona o grupo de ellas sea amenazada, insultada o vejada por razón de su origen racial o étnico, su religión o convicciones, su discapacidad, edad, sexo, la orientación sexual, o cualquier otra circunstancia personal o social", las autoridades responsables en cada caso del acceso a los estadios deportivos incluyen en esta categoría elementos completamente lícitos que no se corresponden con la intención de la ley, como la bandera nacional gallega.

Muchos aficionados se quejan de que en los últimos meses han sufrido cada vez más esta nueva realidad, con una persecución mucho más dura por parte de las autoridades y una presión policial constante. Podemos poner el ejemplo del estadio de A Coruña, donde se prohibió el acceso al recinto con material de animación bajo la justificación de que era "simbología ultra" y se requisaron banderas, entre ellas una con el dibujo de la sirena de Castelao con el escudo de Galicia.

O que en el contexto del 17 de mayo, Día de las Letras Gallegas, la policía nacional confiscó un *tifo* (mosaico alegórico creado por la afición y expuesto en la grada de un estadio) con el lema "El Dépor es de A Coruña", una iniciativa para visibilizar y apoyar la iniciativa de cambiar al uso de la forma gallega y legal del topónimo de la ciudad en el nombre del club. También ese mismo día de las Letras, la policía retiró dos pancartas a la afición, una de ellas, con el lema "El gallego, nuestro patrimonio", y la otra, en reconocimiento a las personas que trabajaron en los *tifos* con el sencillo lema de "Orgullo de muchos, trabajo de pocos".

#### C.DIP 72494 12/06/2025 10:00





A estas incautaciones y prohibiciones se suman presiones e identificaciones a los aficionados, advirtiéndoles de que tirarán a la basura todo el material retirado, y amenazas de sanciones.

Pese a que los contenidos son perfectamente legales y democráticos, la afición del Dépor cumple con la exigencia marcada por la directiva de comunicar con suficiente antelación y entregar los diseños que luego exponen en el estadio de Riazor. Pero, aun habiendo sido previamente autorizados, como ocurrió con los *tifos* mencionados, su exhibición fue finalmente prohibida por las autoridades de seguridad, por lo que solo se pudieron desplegar *tifos* conmemorativos del título de Liga, pero los diseños alusivos al gallego fueron confiscados, hecho que indica una clara motivación política e ideológica y un abuso de autoridad que no puede justificarse con la actual legislación.

A la luz de todos estos hechos, y otros que ya hemos denunciado en iniciativas anteriores, resulta evidente que se está produciendo una censura y un abuso de poder bajo supervisión y con la connivencia de las autoridades policiales, en esta ocasión, en el estadio de Riazor de A Coruña.

## Por los motivos expuestos, el BNG plantea las siguientes preguntas dirigidas al Gobierno:

- 1. ¿Es consciente el Gobierno del problema descrito que se traduce en la censura y represión de la expresión legítima en los estadios deportivos?
- 2. ¿Está de acuerdo el Ministerio en que la Ley del Deporte permita la exhibición de emblemas siempre que no tengan contenido violento, ofensivo o discriminatorio?
- 3. Si es así, ¿cómo se explica que cada vez esté más prohibido entrar en estadios con simbología como la descrita?
- 4. ¿Está de acuerdo en que no se pueda prohibir la exhibición de banderas o pancartas en gallego o con simbología nacionalista según la Ley del Deporte?
- 5. ¿Se han dado instrucciones a las fuerzas y cuerpos de seguridad del Estado que supervisan los espectáculos deportivos a este respecto?
- 6. ¿Conoce las limitaciones para no acceder con esta simbología bajo amenaza de sanción conforme a la Ley del Deporte? ¿No considera que esta práctica es antidemocrática?
- 7. ¿Cuáles son las funciones de supervisión que realizan los representantes de las Fuerzas y Cuerpos de Seguridad del Estado presentes en los acontecimientos deportivos? ¿Se limita a sancionar la propuesta del personal de seguridad o

### C.DIP 72494 12/06/2025 10:00





- intervienen en la interpretación de la norma sobre infracciones e imposición de sanciones?
- 8. ¿Qué medidas han adoptado o adoptarán para evitar que estas situaciones se sigan produciendo y garantizar la libertad de expresión y el respeto a los derechos fundamentales dentro de los estadios y espectáculos deportivos?

Madrid, a 11 de junio de 2025

Néstor Rego Candamil

Diputado del BNG en el Congreso



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS SECRETARÍA GENERAL **REGISTRO GENERAL** 

11 JUN. 2025 17:57:29

# Sobre a prohibición de acceder a eventos deportivos con emblemas galegos ou en lingua galega

Competencia Tipo Expediente Otros Expedientes 300-Escrito en lengua española distinta del castellano, oficial en Comunidad Autónoma (art. 92.1)

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL

Diputado



### Á MESA DO CONGRESO

O deputado do BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG), Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do estabelecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso, formula as seguintes preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas á prohibición de acceder a eventos deportivos con bandeiras, faixas e emblemas galegos ou en lingua galega.

A Lei 39/2022, de 30 de decembro, do deporte facilitou, desde a súa entrada en vigor en 2024, unha interpretación restritiva, partidista, centralista, españolista e abusiva a respecto da posibilidade de entrar a eventos deportivos con bandeiras, faixas ou outra simboloxía, aínda sendo esta plenamente democrática.

Así, aínda que a Lei do Deporte só prohibe "introducir, exhibir ou elaborar faixas, bandeiras, símbolos ou outros emblemas con mensaxes que inciten á violencia ou en cuxa virtude unha persoa ou grupo delas sexa ameazada, insultada ou vexada por razón da súa orixe racial ou étnica, a súa relixíon ou conviccións, a súa discapacidade, idade, sexo, orientación sexual ou calquera outra circunstancia persoal ou social", as autoridades encargadas en cada caso do acceso aos estadios deportivos inclúen desta categoría elementos completamente lícitos e que non se corresponden coa intención da lei, como pode ser a bandeira nacional galega.

Moitas persoas afeccionadas quéixanse de que, nos últimos meses, padecen cada vez máis esta nova realidade, cunha persecución moito máis dura por parte das autoridades e unha constante presión policial. Podemos pór o exemplo do estadio da Coruña en que se prohibiu o acceso ao recinto con material de animación baixo a xustificación de que era "simboloxía ultra" e confiscando as bandeiras incluída unha co debuxo da serea de Castelao co escudo da Galiza.

> CONGRESO DE LOS DIPUTADOS SECRETARÍA GENERAL REGISTRO GENERAL

11 JUN. 2025 17:57:29



Ou que no contexto do 17 de maio, Día das Letras galegas, a policía nacional confiscou un *tifo* (mosaico alegórico creado polas persoas afeccionadas e despregado nas gradas dun estadio) co lema "O Dépor é da Coruña", unha iniciativa para concienciar e apoiar a iniciativa para cambiar utilizar a forma galega e legal do topónimo da cidade no nome do clube. Tamén nese mesmo día das Letras, a policía quitou aos seareiros dúas faixas, unha delas, co lema "O galego, a nosa herdanza", e a outra, de recoñecemento coas persoas que traballaron os *tifos* co sinxelo lema de "Orgullo de moitos, traballo de poucos".

A estas incautacións e prohibicións súmanse as presións e identificacións a seareiros advertíndolles de que desbotarán todo material retirado no lixo e as ameazas de sancións.

A pesar de que os contidos son perfectamente legais e democráticos, os afeccionados e afeccionadas do Depor cumpren coa exixencia marcada polo cuble de comunicar previamente e remiten con suficiente antelación os deseños que logo exhiben no estadio Riazor. Mais, mesmo tendo sido autorizados previamente, tal e como pasou cos *tifos* mencionados, prohibiuse finalmente a súa exhibición por parte das autoridades de seguranza, polo que só se puideron despregar os *tifos* conmemorativos do título de Liga, mais ficaron confiscados os deseños alusivos ao galego, un feito que indica unha clara motivación política e ideolóxica e un abuso de autoridade que non pode xustificarse na actual lexislación.

Á vista de todos estes sucesos, e outros que xa temos denunciado en anteriores iniciativas, resulta evidente que se está a producir unha censura e un abuso de poder baixo a supervisión conivente das autoridades policiais, nesta ocasión, no estadio de Riazor na Coruña.

# Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas dirixidas ao Goberno:

1. Ten coñecemento o Goberno da problemática descrita que finaliza coa censura e a represión de expresión lexítimas en estadios deportivos?



- 2. Comparte o Ministerio que a Lei do Deporte permite a exhibición de emblemas sempre que non teñan contido violento, vexatorio ou discriminatorio?
- 3. De ser así, como pode explicar que cada vez máis se prohiba entrar aos estadios con simboloxía como a descrita?
- 4. Comparte que a exhibición de faixas ou tifos en galego ou con simboloxía nacionalista non poden ser prohibidos amparándose na Lei do Deporte?
- 5. Déronse indicacións ás forzas e corpos de seguridade do Estado que supervisan os eventos deportivos a este respecto?
- 6. Coñece as coaccións para non acceder con simboloxía baixo a ameaza de sanción conforme á Lei do Deporte? Non considera que esta práctica é antidemocrática?
- 7. Cales son as labores de supervisión que exercen os Representantes das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado presentes nos eventos deportivos? Limítanse a sancionar a proposta do persoal de seguranza ou son partícipes na interpretación da norma sobre infraccións e imposición de sancións?
- 8. Que medidas ten adoptado ou vai adoptar para impedir que estas situacións continúen a producirse e garantir a liberdade de expresión e o respecto dos dereitos fundamentais dentro dos estadios e eventos deportivos?

Madrid, a 11 de xuño de 2025

Néstor Rego Candamil

Deputado do BNG no Congreso

